

## Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar. Ano 2010

### NOTA DE PRENSA

#### O 89,8% das persoas que tomaron unha excedencia a tempo completo para o coidado de fillos eran mulleres

#### Servizos para coidado dos fillos

Segundo o módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar da Enquisa de poboación activa, no ano 2010 residían en Galicia un total de 428.710 persoas de entre 16 e 64 anos con polo menos un fillo (propio ou da parella) menor de 15 anos (14 anos ou menos).

O 16,8% destas persoas con fillos menores utilizou servizos de coidado para atender ao seu fillo máis pequeno (ou ao do seu cónxuxe).

#### Persoas entre 16 e 64 anos con polo menos un fillo, segundo utilicen ou non servizos de coidado para atender ao seu fillo máis pequeno ou ao do seu cónxuxe durante a súa xornada diaria. Ano 2010

*Miles de persoas e porcentaxes*

	Miles de persoas			Porcentaxes		
	Total	Si	Non	Total	Si	Non
<b>Total</b>	<b>428,71</b>	<b>72,10</b>	<b>356,49</b>	<b>100,0</b>	<b>16,8</b>	<b>83,2</b>
Ocupados	319,87	64,21	255,65	100,0	20,1	79,9
Parados	49,44	5,06	44,38	100,0	10,2	89,8
Inactivos	59,41	2,84	56,45	100,0	4,8	95,0

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar

Nota: considéranse os fillos propios ou da parella de 14 ou menos anos que viven no fogar

Entre a poboación ocupada con fillos menores, a porcentaxe dos que utilizaron estes servizos é do 20,1%, mentres que entre os parados baixa á metade (10,2%).

Un total de 35.000 persoas tiñan emprego a tempo parcial ou non traballaban para poder facerse cargo do coidado dos seus fillos. O 56,6% manifestou que tomou esta decisión porque considera que os servizos de coidado dos nenos son demasiado caros.



**Persoas entre 16 e 64 anos que teñen emprego a tempo parcial ou que non traballan e que se fan cargo do coidado de nenos, segundo a principal razón para non traballar ou traballar a tempo parcial. Ano 2010**

*Miles de persoas e porcentaxes*

	Miles de persoas	Porcentaxes
<b>Total</b>	<b>35,05</b>	<b>100,0</b>
Falta de servizos de coidado aos nenos	8,44	24,1
Os servizos de coidado dos nenos son demasiado caros	19,85	56,6
Os servizos dispoñibles de coidado dos nenos non teñen a suficiente calidade	1,42	4,1
Outras razóns distintas das anteriores	5,34	15,2

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar

Nota: considéranse os fillos propios ou da parella de 14 ou menos anos que viven no fogar

### Coidado de dependentes

Aproximadamente 192.300 persoas de entre 16 e 64 anos fixéronse cargo regularmente do coidado de persoas dependentes, o que supón o 10,7% da poboación total neste grupo de idade. Esta porcentaxe é lixeiramente maior entre a poboación inactiva (12,5%).

**Persoas entre 16 e 64 anos segundo se fagan ou non cargo regularmente do coidado de persoas dependentes. Ano 2010**

*Miles de persoas e porcentaxes*

	Miles de persoas			Porcentaxes		
	Total	Si	Non	Total	Si	Non
<b>Total</b>	<b>1.790,33</b>	<b>192,3</b>	<b>1.598,0</b>	<b>100,0</b>	<b>10,7</b>	<b>89,3</b>
Ocupados	1.087,76	109,4	978,4	100,0	10,1	89,9
Parados	200,11	20,0	180,1	100,0	10,0	90,0
Inactivos	502,46	63,0	439,5	100,0	12,5	87,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar

Nota: considéranse familiares ou amigos de idade superior ou igual a 15 anos que estean necesitados de coidado

### Flexibilidade da xornada laboral

Dos 852.950 asalariados galegos de entre 16 e 64 anos, o 42,8% xeralmente pode organizar a súa xornada laboral para poder coller días libres por razóns familiares.

### Asalariados entre 16 e 64 anos segundo poidan ou non organizar a súa xornada laboral de forma que poidan coller días libres por razóns familiares. Ano 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Miles de persoas	Porcentaxes
<b>Total</b>	<b>852,95</b>	<b>100,0</b>
É posible, xeralmente	364,74	42,8
É posible, rara vez	194,85	22,8
Non é posible	230,6	27,0
Non sabe	62,75	7,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e f

### Redución da xornada laboral

O 17,4% das mulleres con polo menos un fillo menor de oito anos reduciu a súa xornada laboral para prestarlle coidados. Entre os homes, a porcentaxe dos que reduciron a xornada laboral por este motivo foi do 4,5%.

### Persoas entre 16 e 64 anos, con polo menos un fillo menor de 8 anos que traballaron nalgún momento desde o nacemento do seu fillo menor, segundo reduciran ou non o número de horas traballadas para prestarlle coidados. Ano 2010

Miles de persoas e porcentaxes

	Miles de persoas			Porcentaxes		
	Total	Si, reduciuno	Non o reduciu	Total	Si, reduciuno	Non o reduciu
<b>Total</b>	<b>233,94</b>	<b>24,9</b>	<b>209,0</b>	<b>100,0</b>	<b>10,6</b>	<b>89,4</b>
Homes	121,74	5,4	116,3	100,0	4,5	95,6
Mulleres	112,2	19,5	92,7	100,0	17,4	82,6

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. Módulo sobre conciliación entre vida laboral e familiar

Aproximadamente 5.100 persoas, con polo menos un fillo menor de 8 anos, tomaron unha excedencia a tempo completo para o coidado do seu fillo. O 89,8% destas persoas eran mulleres.

Información detallada en:

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008001](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008001)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: [http://twitter.com#!/IGE\\_Estadistica](http://twitter.com#!/IGE_Estadistica)

Síguenos en facebook:

<http://www.facebook.com/pages/Instituto-Galego-de-Estat%C3%ADstica/288505021166027?sk=wall>